



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 19
Apoio para o desenvolvemento local de LEADER

Submedida 19.4
Custos correntes e animación

Índice

1.	Medida 19. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER	2
1.1.	Submedida 19.4 Custos correntes e animación	3
1.1.1.	Que tipo de actuacións se financian?	3
1.1.2.	Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3.	Como se outorga a axuda?	4
1.1.4.	Que tipo de gastos se financian?	5
1.1.5.	Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	6
1.1.6.	Que criterios serán utilizados para a selección?	7
1.1.7.	A canto ascende esta axuda?	7
1.1.8.	Quen xestiona esta axuda?	7
1.1.9.	Marco normativo	7
1.1.10.	Documentos e ligazóns relacionados	8



1. Medida 19. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER

O enfoque LEADER, como instrumento de desenvolvemento local integrado, innovador, multisectorial e participativo, demostrou ser unha ferramenta que contribúe ao equilibrio territorial nas zonas rurais galegas. En virtude desta medida, preténdese seguir apostando por esta ferramenta fomentando a innovación e impulsando o deseño da estratexia polos axentes do territorio.

Os obxectivos do enfoque LEADER para o período 2014-2020 en Galicia son:

- ✓ Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural, En concreto, espérase que a aplicación das estratexias por parte dos GAL contribúa de forma prioritaria a seleccionar proxectos produtivos que necesariamente consoliden e/ou cren emprego no territorio
- ✓ Mellorar e poñer en funcionamento servizos para a poboación nas zonas rurais, de maneira que se mellore o nivel de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo a inclusión social e traballando na redución da pobreza e no desenvolvemento económico xeneral do territorio rural galego. Para iso seguirase impulsando, de forma prioritaria, o desenvolvemento de pequenas infraestruturas e servizos básicos nas zonas rurais, incluíndo as actividades culturais e de lecer e a rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e aldeas do territorio.
- ✓ Favorecer a ocupación sustentable do territorio, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos dos territorios rurais, en particular, novos, mulleres, discapacitados,...
- ✓ Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural, mediante unha utilización adecuada dos recursos naturais.
- ✓ Potenciar a goberno local e a animación social. Coa implantación do programa LEADER en todo o territorio rural galego, os GAL que resulten seleccionados continuarán poñendo en funcionamento as súas estratexias de desenvolvemento local cun enfoque ascendente e establecendo os criterios de selección de proxectos que mellor se adapten ao seu territorio.
- ✓ Innovación, mediante a inclusión nas estratexias de novas formas de enfrontarse aos retos e necesidades que se expoñen en cada ámbito local.
- ✓ Contribuír á conservación e mellora do medio ambiente, mediante a consideración prioritaria nas estratexias de desenvolvemento local participativo deste obxectivo transversal.

- ✓ Fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando tanto o uso de enerxías renovables como a mellora da eficiencia enerxética.

Para iso, desde esta medida apóiase o establecemento das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), así como a súa implantación e desenvolvemento a través do seguintes catro submedidas:

- ✓ Submedida 19.1 Apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local
- ✓ Submedida 19.2 Apoio para a realización das operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo
- ✓ Submedida 19.3 Actividades de cooperación
- ✓ Submedida 19.4 Custos correntes e animación

1.1. Submedida 19.4 Custos correntes e animación

O funcionamento dos GAL carrega custos relativos tanto aos recursos humanos como materiais que se utilizan. Ademais, un dos aspectos fundamentais para o éxito de LEADER é a animación do territorio, a procura de emprendedores e a dinamización rural por parte dos membros do GAL.

Baixo esta medida, finánciase o funcionamento dos Grupos de Acción Local galegos.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Custos correntes

Inclúense os gastos necesarios nos que incorran os GAL para a posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local participativo, que require dunha serie de recursos humanos e materiais, necesarios para o adecuado funcionamento do grupo de acción local que se encargue do deseño, xestión e posta en marcha da estratexia de desenvolvemento local.

Animación

Comprende os gastos necesarios nos que incorran os GAL que resulten seleccionados, para a promoción e difusión da estratexia de desenvolvemento local e do seu territorio de actuación. A animación supón un intercambio continuo de información entre os axentes do territorio, tanto institucionais como socioeconómicos, implicados non seu desenvolvemento. Implica a promoción da estratexia de desenvolvemento local, con especial énfase nas actuacións dirixidas aos beneficiarios potenciais, a efecto de estimular as iniciativas que respondan as prioridades da estratexia. É, por tanto, un aspecto esencial no éxito do LEADER. A promoción e difusión da estratexia de desenvolvemento local e do territorio poderá levarse a cabo polo GAL

mediante a realización de, entre outras, as actividades seguintes:

- ✓ Difusión do programa no seu territorio de actuación
- ✓ Encontros, xornadas, seminarios, congresos
- ✓ Estudos, informes, publicacións
- ✓ Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web
- ✓ Viaxes, presenza en feiras e eventos
- ✓ Sinalización turística
- ✓ Rutas
- ✓ Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación, accións conxuntas
- ✓ Accións de sensibilización para difundir as condicións ambientais do territorio, así como os efectos negativos do cambio climático e as posibles accións de mitigación que se adopten no territorio

Poderá realizarse a promoción do GAL e do programa LEADER a través de distintos medios de comunicación como prensa escrita, radio, televisións locais,...

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Os GAL da Comunidade Autónoma de Galicia que resulten seleccionados neste período de programación (2014-2020) para poñer en marcha a estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada e que poñan en funcionamento dita estratexia.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

- ✓ A axuda consistirá nunha subvención do 100% dos custos subvencionables que sexan imputados e correctamente xustificados polos GAL.
- ✓ Os GAL poderán solicitar un anticipo equivalente, como máximo, á porcentaxe que se prevexa na normativa reguladora que resulte de aplicación (comunitaria, nacional e autonómica) correspondente á axuda pública destinada aos gastos correntes de funcionamento e animación e sen superar o importe de axuda previsto na anualidade vixente.
- ✓ O pago do anticipo estará supeditado á constitución da garantía bancaria ou equivalente que estableza a normativa de aplicación.



1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Custos correntes

Serán subvencionables:

- ✓ Gastos de persoal que integra o equipo técnico do GAL: retribucións salariais, cotizacións á seguridade social e indemnizacións.
- ✓ Compra ou aluguer de material informático, telemático e de reprografía, material de oficina e similar.
- ✓ Gastos que se refiran á sede do GAL: aluguer, acondicionamento, equipamento e gastos correntes en auga, electricidade, internet, material funxible, etc.
- ✓ Gastos de actividades referidas á formación do equipo técnico do GAL. O persoal encargado de impartir a actividade formativa deberá ser tecnicamente apto e xustificadamente elixido para a actividade.
- ✓ Gastos vinculados ao traballo en rede.
- ✓ Gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden ao GAL como entidade colaboradora, tales como gastos de representación institucional, dietas, gastos por desprazamentos ou gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GAL, de acordo coas limitacións e contías máximas que se establezan nas bases reguladoras e nos Convenios de colaboración que se asinen cos GAL.
- ✓ Gastos referidos á constitución de avais ou das garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos correntes de funcionamento e animación do Grupo de Acción Local.
- ✓ Gastos de constitución de pólizas bancarias.
- ✓ Gastos derivados da contratación de asistencia técnica á xestión, ata a porcentaxe máxima que, sobre o importe anual de fondos públicos asignado para os custos correntes de cada Grupo de Acción Local, se estableza nas bases reguladoras e no convenio de colaboración.

Non serán subvencionables os gastos que se deriven de despedimentos improcedentes, os intereses debedores de contas bancarias, as sancións administrativas e penais, os gastos que se deriven de procedementos xudiciais que afecten aos GAL e as retribucións por asistencia ás reunións dos órganos decisorios dos Grupos de Acción Local.

Animación

Poderán ser subvencionables:



- ✓ Gastos en actuacións de información, sensibilización, difusión e promoción da estratexia e do territorio a través dos distintos medios dispoñibles (páxinas web, edición de libros e guías, publicacións, promoción da estratexia a través de prensa escrita, revistas especializadas, cuñas radiofónicas, televisión, etc.).
- ✓ Gastos derivados da organización e/ou asistencia do equipo técnico do GAL a eventos de información, sensibilización, difusión e promoción da estratexia e do territorio por exemplo viaxes e asistencia a feiras, de acordo coas limitacións e contías máximas que se establezan nas bases reguladoras e nos Convenios de colaboración que se asinen cos GAL. Compra ou aluguer do material necesario para a difusión da estratexia e para a asistencia e promoción a través de feiras, reunións e eventos. Estudos, informes e asistencias técnicas que sexan necesarias para a difusión da estratexia e para a sensibilización dos sectores socioeconómicos do territorio.
- ✓ Material promocional de carácter funxible.
- ✓ Gastos derivados da contratación de asistencias técnicas para a promoción e difusión da estratexia, ata a porcentaxe máxima que, sobre o importe anual de fondos públicos asignado para os custos correntes e de animación de cada Grupo, se estableza nas bases reguladoras e no convenios de colaboración.
- ✓ Calquera outro gasto que se considere necesario para a difusión e promoción da estratexia e do territorio e que a Autoridade de Xestión determine nas bases reguladoras e no Convenio de Colaboración que se asine co GAL.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ Serán elixibles os gastos que teñan a consideración de subvencionables e que se xustifiquen adecuadamente segundo se dispoña nas bases reguladoras, ata o límite máximo do que teña asignado cada GAL para gastos de explotación e de animación no seu cadro financeiro correspondente a cada unha das anualidades nas que se distribúan os fondos públicos correspondentes ao programa LEADER de Galicia 2014-2020.
- ✓ Para os gastos de animación, os Grupos deberán solicitar unha axuda á Autoridade de Xestión (ou organismo en quen delegue) para cada proxecto ou acción de difusión que poñan en marcha. Unha vez presentada a solicitude de axuda, corresponderá ao equipo xestor do GAL a realización dun informe control de elixibilidade (ICE), o cal deberá contar coa verificación favorable da Autoridade de Xestión (ou organismo en quen esta delegue).
- ✓ Procederase a unha asignación lineal a cada GAL cuxa estratexia resulte seleccionada, consistente no 25% do total dos fondos públicos destinados a ela, co



obxecto de ser destinados polo Grupo aos gastos correntes e de animación.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Tendo en conta a natureza e alcance desta medida, poderán ser elixibles todos os gastos subvencionables que se refiran aos custos correntes dos GAL seleccionados e á animación, ata o límite do 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local participativo.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá alcanzar o 100% dos gastos subvencionables que se imputen e se xustifiquen adecuadamente polos GAL.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agraria Común
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias



- ✓ Regulamento de Execución (UE) Nº 808/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento de Execución (UE) Nº 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) Nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia Galega para el Desenvolvemento Rural (Agader)
<http://agader.xunta.gal>
- ✓ Leader (Agader)
<http://agader.xunta.gal/es/lineas-de-ayuda/gestionadas-por-los-gdr/programa-leader>
- ✓ Rede Rural Nacional (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
<http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/red-rural-nacional>
- ✓ Rede Española de Desenvolvemento Rural
<http://www.redr.es>
- ✓ Rede Europea de Desenvolvemento Rural
https://enrd.ec.europa.eu/home-page_es
- ✓ Asociación Europea de Grupos Leader (ELARD)
<http://www.elard.eu/>
- ✓ Guía de Desenvolvemento Local Participativo:
http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/informat/2014/guidance_clld_local_actors_es.pdf



- ✓ Directrices de avaliación do LEADER/DLP (Servicio de Asistencia á Avaliación - Rede Europea de Desenvolvemento Rural)

https://enrd.ec.europa.eu/file/12341/download_en?token=mbrwxDi

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.14.3.4 del Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020